



Fax: 981 71 50 28
Tel.: 981 78 40 00
Email: 981 71 40
CIF: P1506900H
REL.: 01150682
RELG.: MU 2000/15

CONCELLO DE PONTECESO
Rúa Concello, 18
15110 Ponteceso (A Coruña)

Resolución de Alcaldía

Inicio do expediente de contratación NÚM. EXPTE. 2018/C003/000001 "REPARACIÓN E ASFALTADO DE CAMIÑOS NOS LUGARES DE OURADA, RIORTORTO E A GARGA NO TÉRMINO MUNICIPAL DE PONTECESO"

Para os efectos previstos no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en relación co artigo 116 do citado texto legal, esta Alcaldía entende necesario proceder á execución das obras de "REPARACIÓN E ASFALTADO DE CAMIÑOS NOS LUGARES DE OURADA, RIORTORTO E A GARGA NO TÉRMINO MUNICIPAL DE PONTECESO", actuación incardinable nun contrato administrativo de obras, segundo o previsto no artigo 13, en relación co Anexo I da devandita norma.

Para ese efecto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente administrativo para levar a cabo a tramitación do contrato administrativo de obras de "REPARACIÓN E ASFALTADO DE CAMIÑOS NOS LUGARES DE OURADA, RIORTORTO E A GARGA NO TÉRMINO MUNICIPAL DE PONTECESO".

SEGUNDO.- Dar traslado aos Servizos Técnicos municipais deste Concello co fin de que se proceda ao estudo e informe do proxecto de obra elaborado polo Enxeñeiro Técnico Industrial D. Martín Lema Pose, colexiado núm. 2353 do COETICOR, no que se cuantifica o prezo do contrato, así como a proceder, no seu caso, á correspondente tramitación do expediente de contratación administrativa en función da consignación orzamentaria existente.

Para os efectos previstos no artigo 28.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-, en calidade de órgano de contratación, xustifícase a necesidade de acudir ao contrato administrativo de obras en base á insuficiencia de medios persoais e materiais con que conta o Concello de Ponteceso para poder executar a obra, para a que se conta co financiamento da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ao abeiro da Resolución de data 18-05-2017, DOG 31-05-2017, para a concesión directa das axudas correspondentes ao Plan de mellora de camiños municipais 2017-2018, pola que se asigna ao Concello de Ponteceso unha axuda máxima de 54.583,00 euros, a cal deberase xustificar antes da data do prazo final, que se establece no 01-09-2018.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no perfil do contratante desta Administración, para os efectos previstos no artigo 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público - LCSP 2017-.

Asdo.: [NOME DO ALCALDE]